



CMIX
centro municipal de
información xuvenil



XUNTA
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
XUVENTUDE

coruna.es

PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA "ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL EN CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA. CURSO 2015-2016"

QUE SON AS ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL (AIX)?

Pois, UNHA REDE de pequenas sucursais do Centro Municipal de Información Xuvenil (CMIX) en 23 centros públicos (IES, CIFP, Escola Oficial de Idiomas, Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso e Conservatorio Profesional de Música), e máis nos centros concertados con ESO e bacharelato da cidade.

Cada AIX comprende:

- **Un taboleiro**, desde o que se difundirá información de interese xuvenil: música, teatro, deportes, cinema, concursos, etc.
- A **información actualizada** proporcionada semanalmente polo CMIX.
- As **redes sociais e a web do CMIX**
- E o máis importante: Unha persoa ou un grupo de persoas, **AS/OS CORRESPONDENTES**

TI PODES SER CORRESPONDENTE DESTA ANTENA DE INFORMACIÓN XUVENIL Buscamos VOLUNTARI@S

- Cun mínimo de 15 anos, cumpridos a **31-12-2015**, e non máis de 30.
- Rapaz ou rapaza, so@ ou acompañad@, matriculad@ no centro de estudos no que se desenvolva o programa. A antena de cada centro poderá ser xestionada por un **máximo de 3 persoas**.
- **Dispost@ durante a duración do programa a:**
 - Manter o taboleiro informativo actualizado semanalmente, ordenado e atraente.
 - Redifundir información de interese xuvenil a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiros de instituto, delegados de clase,...
 - Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen.
 - Establecer un acordo de incorporación para o desenvolvemento deste programa.
 - Participar nunha acción formativa sobre información xuvenil (2ª semana de novembro).

Ofrecémosche:

- A posibilidade de estar máis e mellor "enterad@" que ninguén do que acontece.
- Recibirás entradas a eventos organizados ou programados polo Concello da Coruña (concertos, deportes, cine, teatro)
- Recibirás gratuitamente o carné xove, o carné internacional de estudante, e o carné de alberguista durante o ano escolar no que estás como correspondente.

- Terás preferencia nalgúns dos programas da Dirección Xeral de Xuventude nos que así conste nas súas bases.
- Terás a posibilidade de que a túa labor sexa recoñecida a través dun certificado, podendo deste xeito acreditarla oficialmente.
- Ademáis recibirás formación en materia de información xuvenil.

SE CHE INTERESA...DATE PRÉSA... Preséntate

Ata o **mércores 28 de outubro**, no Centro Municipal de Información Xuvenil, con:

- A ficha de solicitude, cos teus datos ben claros e completos.
- Unha copia do teu DNI
- Autorización firmada para menores de idade acompañada da copia do DNI da persoa que a firma.
- UNHA CARTA DE MOTIVACIÓN comentándonos:

- a) Cales son as túas expectativas respecto a este programa, e os intereses que te levaron a presentarte.
- b) Que farías para animar aos teus compañeir@s a estar ben informad@s.
- c) Pertences a alguna asociación ou colectivo non formal? Nese caso indica nome do grupo ou asociación, función que desempeñas, desde canto tempo, etc.

Consulta as bases completas deste programa na nosa web www.coruna.es/cmixon

Se prefires presentar unha solicitude conxunta con 1 ou 2 compañeir@s do teu centro, a carta de motivación será unha por candidatura, non por persoa

COMO SABERÁS SE ES OU NON ELEXID@ COMO CORRESPONDENTE?

Ó máis tardar o 30 de outubro, será publicado na páxina www.coruna.es/cmixon a lista provisional dos correspondentes seleccionados.

ONDE TES QUE ENTREGAR A SOLICITUDE E CONSULTAR AS TÚAS DÚBIDAS?

Achégate ao Centro Municipal de Información Xuvenil, de luns a venres de 10.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 h e os sábados de 11.00 a 14.00 h, no FORUM METROPOLITANO, r/ Río Monelos, 1. O noso teléfono é o 981 184 294, atenderémoste no mesmo horario.

Tamén podes entregar a túa inscrición a través de correo electrónico a cmixon@coruna.es (non esquezas enviarnos a túa carta de motivación)

ESPERÁMOSTE!

FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE ANTENAS DE INFORMACIÓN XUVENIL NOS CENTROS PÚBLICOS E CENTROS CONCERTADOS CON ESO E BACHARELATO DA CORUÑA.

SOLICITUDE INDIVIDUAL

SOLICITUDE CONXUNTA*

NOME DO CENTRO

ESTUDOS

CURSO

Nº DE CURSOS QUE LEVAS MATRICULAD@ NO CENTRO

NOME E APELIDOS

NIF

IDADE

ENDEREZO

Nº

PISO

C.P.

TELF

HORARIO DE CONTACTO

CORREO ELECTRÓNICO

QUE FAS NO TEU TEMPO LIBRE? (hobbies, deportes,...)

DESENVOLVES ALGUNHA ACTIVIDADE NALGÚN GRUPO OU ASOCIACIÓN? (nese caso indica nome do grupo ou

asociación, función que desempeñas, actividades,...)

A presentación a esta convocatoria supón a aceptación das bases e compromisos do Programa de "Antenas de Información Xuvenil".

A Coruña,

de

de 2015.

Sinatura,

*Se a solicitude é conxunta, enviádenos un boletín de solicitude por cada persoa que desexa participar

AVISO LEGAL

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado Programas CMIX, cuxo responsable de tratamento será o Concello da Coruña e a finalidade da cal e uso previstos será a xestión dos programas educativos municipais.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da A Coruña (Pza. María Pita, 1), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei Orgánica 15/1999.

SE CHE INTERESA... DATE PRÉSA... Preséntate